



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 31 DE XANEIRO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas e trinta minutos do día trinta e un de xaneiro do ano dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 12 de decembro de 2013 e 10 de xaneiro de 2014, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

PUNTO 2.- ACORDOS

Lese o escrito RE 183 de data 14 de xaneiro de 2014, presentado polo CENTRO SAN XEROME EMILIANI, con enderezo a efectos de notificacións no Apto. de Correos, nº 17 da Guarda, solicitando a colaboración do Concello na celebración do II Campo a Través pola Integración que vai ter lugar o vindeiro 9 de febreiro.

A Xunta de Goberno Local acorda colaborar na medida das posibilidades do Concello.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 6.717 de data 12 de decembro de 2013, presentado por DNA. CARMEN DIEGO RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Donantes de Sangue, nº 17 da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal da súa vivenda por lectura excesiva.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule os recibos anteriores e emita uns novos para o 3º e 4º trimestre de 2013 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 402 de data 27 de xaneiro de 2014, presentado por DNA. FATIMA COELLO GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Centinela-Goian, nº 37A de Tomiño, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal do obxecto tributario sito na rúa Donantes de Sangue, nº 28-2ºA por lectura errónea.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda que se realice a lectura correcta da actualidade e dar traslado a xestión tributaria para que liquiden e, se procede, devolvan o importe correspondente.

Dase conta do escrito do asesor xurídico do concello de data 29 de xaneiro de 2014 comunicando a sentenza dictada o 16 de xaneiro de 2014 polo TSXG no recurso de apelación nº 4246/13 entablado por D. Basilio Vicente Santiago contra a sentenza ditada o 28 de febreiro de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 286/12 entablado por D. Basilio Vicente contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2012 polo que se procedeu a denegar a licenza de obras para determinadas obras na vivenda unifamiliar sita no número 87 da rúa Galicia.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica do 16 de xaneiro e acorda dar traslado da mesma e do expediente administrativo á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito do asesor xurídico do concello de data 15 de xaneiro de 2014 comunicando o decreto ditado o 13 de xaneiro de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 36/08 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 101/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo de Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a Dna. Montserrat Rodríguez Domínguez. Dito decreto aproba a tasación de costas a pagar polo Concello da Guarda impostas no auto de 25 de abril de 2011.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do decreto do 13 de xaneiro de 2014 que se comunica, ordenando o pago á Xunta de Galicia do importe de 275 euros dando traslado do seu contido aos Departamentos de Intervención e Tesoureiría para a súa contabilización e pago, o cal deberá efectuarse na conta sinalada no mesmo.

Dase conta do escrito do asesor xurídico do concello de data 15 de xaneiro de 2014 comunicando o decreto ditado o 13 de xaneiro de 2014 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 35/08 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 106/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo de Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Enrique Núñez González. Dito decreto aproba a tasación de costas a pagar polo Concello da Guarda impostas no auto de 25 de abril de 2011.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do decreto do 13 de xaneiro de 2014 que se comunica, ordenando o pago á Xunta de Galicia do importe de 275 euros dando traslado do seu contido aos Departamentos de Intervención e Tesoureiría para a súa contabilización e pago, o cal deberá efectuarse na conta sinalada no mesmo.

Dase conta do auto de 30 de decembro de 2013 remitido polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra polo cal se despacha execución fronte o Concello da Guarda respecto da sentenza ditada por este xulgado no Procedemento Ordinario 364/10 e polo tanto se ordena á Alcaldía que dicte orde de demolición das obras obxecto desta execución antes do día 30.03.2014 e asegure dita execución antes do día 30.06.2014. Ademais este Auto advirte á Alcaldía de que o incumprimento deste requerimento poderá



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

levar consigo unha primeira multa de 700 euros, reiterable mensualmente en iguala ou superior contía en tanto non se completen os traballos de demolición.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto de 30 de decembro de 2013, para o seu cumprimento por parte do órgano competente e asimesmo establecer apelación.

Dase conta das alegacións presentadas por D. Florentino Santos Alonso Álvarez no expediente de construción de muro de contención na 1ª Transv. Outeiro Cascallar, nº 10. Dase conta tamén do informe do arquitecto municipal de 12 de setembro de 2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, acorda:

- Desestimar as alegacións presentadas en base a dito informe.
- Requerirle a D. Florentino Santos Alonso Alvarez para que no prazo de 15 días presente o proxecto técnico asinado por técnico competente. NO caso de que non presentase dito proxecto teráselle por desistido da súa petición.
- Remitir o expediente a Axencia de Protección da Legalidade.

Lese o escrito RE 6.927 de data 26 de decembro de 2013, presentado por D. JOSE ANTONIO BAZ LOMBA, con enderezo na rúa do Porto, nº 56 da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal da súa vivenda por lectura excesiva no 3º trimestre de 2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 3º trimestre de 2013 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 1.389 de data 18 de marzo de 2013, presentado por D. RAMÓN ALVAREZ OTERO, con enderezo na rúa Baixada ó Rio Miño, nº 40, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal da súa vivenda por lectura excesiva no 1º e 2º trimestres de 2012.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule os recibos anteriores e emita un novo para o 1º e 2º trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 5.439 de data 8 de outubro de 2013, presentado por D. MARTÍN MAGALLANES MARTINEZ, con enderezo na rúa Vicente Sobrino, nº 12 da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal da súa vivenda por lectura excesiva no 2º e 3º trimestres de 2013.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule os recibos anteriores e emita uns novos para o 2º e 3º trimestres de 2013 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 6.690 de data 11 de decembro de 2013, presentado por DNA. ROSA MARTINEZ ALVAREZ, en representación de D. OLIVIO FERNANDEZ VICENTE, con enderezo na rúa de Coruto Vello, nº 50 da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga municipal do obxecto tributario sito na rúa Coruto Vello, nº 48-baixo por lectura excesiva no 3º trimestre de 2013 e a anulación do recibo relativo a este periodo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda denegar a súa solicitude xa que, unha vez revisado o contador, compróbase que este funciona perfectamente.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases do Desfile-Concurso de Entroido 2014 que se vai celebrar o 4 de marzo.

Lese o escrito RE 434 de data 28 de xaneiro de 2014, presentado por DNA. LEONOR SOBRINO VICENTE, con domicilio na rúa Coruña, nº 3 da Guarda, solicitando un informe sobre se o tramo da rúa Coruña que discorre entre a rúa Tomiño e rúa Ourense é de sentido único.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que ese tramo da rúa Coruña é de un único sentido descendente hacia a rúa Tui.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 435 de dta 28 de xaneiro de 2014, presentado por DNA. MARIA JESÚS MARTINEZ MARTINEZ, en calidade de voceira do Partido Popular na Entidade Local Menor de Camposancos, e con enderezo na rúa Salgueiró, nº 22 da Guarda, solicitando o cambio de ubicación do sinal indicativo de Camposancos na zona de Saa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se dirixirán ó organismo competente para unha mellor ubicación.

Lese o escrito RE 436 de dta 28 de xaneiro de 2014, presentado por DNA. MARIA JESÚS MARTINEZ MARTINEZ, en calidade de voceira do Partido Popular na Entidade Local Menor de Camposancos, e con enderezo na rúa Salgueiró, nº 22 da Guarda, solicitando o cambio de ubicación dun sinal indicativo da Entidade Local Menor de Camposancos sito na zona do Barrio de Saa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que debe dirixirse ós organismos competentes (Entidade Local Menor e Carreteras)

Lese o escrito RE 201 de data 15 de xaneiro de 2014, presentado por DNA. M^a ESPERANZA IGLESIAS VILACHÁ, en calidade de Presidenta do Clube de Balonmán Atlético Guardés para informar dos días e horarios de adestramentos e competicións deste clube na temporada 2013 - 2014.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.